

Estamos ledos. Os catro meses de silencio forzado serviron para templar aínda máis o noso espírito. Os grupos galeguistas rexurden con forza e azos renovados.
O porvir e noso.

A Nosa Terra

BOLETIN DO PARTIDO GALEGUISTA

Unha intresante chamada aos nosos grupos ruraes

POSICION CLARA E FIRME

O Partido Galeguista, por enriba de dereitas i-esquerdas

Unha opinión particular

A fins da derradeira semán, cando xa non había tempo pra tratalo no número anterior de A NOSA TERRA, «El Pueblo Gallego», con tídoos estreptos e gordas letras, finxiu un telegrama dos galegos de Montevideo no que éstos se amostraban disconformes coa posición aitual do Partido Galeguista e até falaban da «necesidade urxente» de crear un novo Partido, si o Galeguista se inclinaba ás esquerdas hespañolas.

Compre clarexar, en primeiro térmoo, unha cousa: tal telegrama non existiu. «El Pueblo Gallego», con intención que lle debe ser premiada, inventouno. O que realmente houbo foi un editorial do boletín mensual «Raza Celta», correspondente a Nadal do ano derradeiro, no que se expuña, con respecto pra a situación do Partido, particular opinión dos que editan aquela revista. O xornal da situación aproveitou, con unha habilidade ben coñecida de Redaccións adentro, aquel artigo pra estraitalo, exprimindo sobor d-él unhas pingas de mala intención.

Do episodio, non embargantes, o que verdadeiramente nos intresa e o seu fondo, pois que nos podemos permitir o luxo de desprezar as incidencias. Trátase dunha nova saída a superficie de vello pleito de dereitas e esquerdas, e tal ocasión sirvenos pra fixar, unha vegada máis, o sentir e o pensar do Partido Galeguista.

Falsedade e realidade do problema

Quén siga, con un pouco de atención, o noso actuar, terá ollado como nós resolvimos deica agora na democracia das Asambleas, ese preito. Non vive, primeiro lugar o galeguismo politicamente organizado, pendente de unha nomenclatura propia de guardia de tráfico: Nós—digámoslo sin inmodestia—constituimos unha organización difrente as que andan por Hespaña adiante. Temos unha arela fundamental: a liberdade de Galicia. E un pensamento medular: a recreación da nosa Patria. Da política servímonos, como instrumento, como arma cidadán. Pro nada máis. Emporiso, non pretende o noso Partido engordar a veira das furnas, nin medrar a sombra de xefes que non tén. O caudillismo está proscrito das nosas fias.

Agora ben. A división de dereitas e esquerdas, con todo o que tén de falso, responde—recoñezámolo— a unha realidade aitual da política hespañola. Sería pueril negalo. E máis concretamente aínda: no intre que vivimos, téñense por esquerdas o cantos partidos republicáns non están implicados no goberno,—excepción feita dos monárquicos sin carátula— e por dereitas ao conglomerado que esteriliza o goberno da hespaña. Intresa deixalo ben remarcado, aínda que o coñecito, sempre ocasional, responda a unha verdade episódica. Porque non e posible esquencer que o convencionalismo de dereitas e esquerdas o e de tal maneira, que incuso ademite variacións de cuarto de hora... Veleiquei a proba máis concluinte da súa falla de permanencia.

O noso ideario

Pol-a outra banda, ocorre que nós temos un programa no social e no económico francamente de esquerda. Non foron as que de alleo se reputan dereitas dentro das nosas fias os que menos contribuíron a darlle este xeito. Digámolo, no seu honor e como nova proba de que o Galeguismo non pode ser sometido a patróns establecidos pra outras latitudes. Na Asamblea fundacional do Partido os homes que os tiranizados pol-os casilleiros ao uso coardian dereitistas, foron os que máis radicados se amostraron no imposto progresivo sobor da renda e no voto da muller, por eisemplo, moito denantes de que a Constitución hespañola os incorporase ao seu texto pseudo vivente.

Queda únicamente coma liña divisoria o problema relixioso. Máis eso entre nós e ben sabido que non é. O Partido Galeguista remite esa custión inelegante e irrespeitosamente tratada por os outros partidos, tanto de dereita que fán d-il un arma—coma de esquerda que fán d-il un odio a intimidade das concencias. O Partido Galeguista, liberal e moderno, practica, os máisimo respecto pras relixións, a maisima tolerancia.

O demáis e ben fácil de adviñar

O sistema eleitoral, a necesidade dos agrupamentos, crearon a táctica coalicionista nos partidos. Nós non pechamos os ollos e esa necesidade. E, consecuentes co noso pensamento e co noso ideario, aliámonos, sin prescindir das nosas arelas, as esquerdas. Elas, por moitos erros que tamén en esto cometaran, foron as creadoras dunha Constitución que permite o conqurimento legal das autonomías rexionaes. Elas dirónlle, co Estatuto, a liberdade a Cataluña: Elas veñen, aínda que vellos préxucios lles embarquen o paso, a dotar a Hespaña do recoñecimento da súa variedade, en contra do cesarismo centralista da monarquía e dos seus seguidores na República, que a quixeran tamén ferozmente unitaria. Ahí está todo.

O Galeguismo, leal a súa historia

¿Hai algunha contradicción, algún renunzamento, algunha hipóteca n-esa intelixencia? Ningén poidera decilo. En troques, nas outras, ¿canto non habería que decir! Ahí están, sin ir máis lonxe, as dereitas vaticanistas firmemente aliadas con radicados laicos. Ahí están os católicos cen por cen de Cataluña xuntos incuso, con «faistas» pra defensa dos seus privilexios de ricos. Ahí están, en fin, outros concubinatos, contradictorios, turbios e repelentes, que practican os que combaten a nosa táctica.

Non. Non temos de que arrepentirnos. Os que, dende fora, pretenden arranxar a nosa Casa, poden seguir berrando. Nós somos nós. A súa incomprensión, o seu egoísmo, a súa carraxe por sentirnos maores de idade e redimidos de tutelas ogoistas, e o que motorizou a súa fobia. Sentímolo. Pero non lle temos ren que facer. Nós non somos xá pedestal pra ningunha cobiza. Sabemos andar soilos. Sabemos a onde vamos. E imos. Cuidando, máis que ningún, da nosa dinidade, da nosa pureza, da nosa consecuencia. E, sobor todo, da comenza de Galicia, a nosa Nai, a nosa Dona, a nosa inspiradora e a única a quen servimos. Porque ela nin nos traiciona, nin se nos pode morrer.

GALEGOS:

Leede e propagade

“A Nosa Terra”

Acaba de ser promulgada unha disposición do Ministerio de Agricultura fonda- mente intresante na que quere- mos chamar a atención, especialmente dos nosos grupos radicados no agro.

Dícese n-ela que os cam- peñinos poden solicitar a concesión de montes consi- derados de utilidade pública para a súa exprotación e cul- tivo. Poden facerse as soli- citudes individuais e cole- tivas.

O Comité Executivo do Partido Galeguista considera de fonda importancia para o agro galego esta disposición: Vé, n-ela un doado camiño para enriquecer a vida dos nosos labregos coa natural ventaxa para a riqueza agraria galega e un vieiro axeitado para comenza en Galiza a poñer en práctica o coletivismo única maneira de orgaizar debidamente a nosa vida agraria como consta no noso programa aven- cellado ás necesidades eco- nómicas e sociaes da Galiza.

Considera, o Comité, ne- cesario chamar a atención en col do asunto aos nosos grupos ruraes invitándoos ao conocemento da disposición citada pregándolles o seu estudo. Teñen n-este intre os grupos galeguistas unha ur- xente misión que realizar. A de acollerse á disposición non perdendo esta ocasión que se lles presenta de facer unha obra práctica e comenente para eles e para a nosa coledividade rural.

Algunha vegada había de vir de Madrid algo que poida beneficiar a Galiza e a maio- ría da nosa poboación que que vive no campo.

Sin tempo para máis, de momento, o Comité Execu- tivo ten de insistir na cha- mada aos nosos grupos. As directivas dos grupos gale- guistas, as do campo porque lles afeita directamente e as das vilas pol-o seu deber de preocupación ourentadora e alerta aos nosos problemas, deben acoller a disposición do Ministerio de Agricultura e dipoñerse a beneficiarse de ela coa máxima urxencia.

Para todo canto se refira á súa acración e maneira de poñela en práctica os nosos grupos poden dirixirse ao Comité Executivo que lles facilitará de contado as ou- rentacións necesarias.

O Segretario Xeral
M. Gómez Román

GALEGOS:

A liberdade da nosa Terra pende soio de nós. Xuremos hoxe poñer ao seu servico canto somos.

Tarefa

En camiño, novamente

Empezan a remitir xa as persecucións e represalias inxustas de que as nosas orgaizacións e as nosas xentes foron ouxeto durante estes catro meses.

Xa están na rúa todol-os irmán que sen razón nengunha, seu expediente xiquera moitos d-iles, foron metidos na cadea. Xa están abertos todol-os nosos centros, fechados con pretextos infantis. Cecaís axiña poidamos estar todos nos nosos postos.

Pero non é preciso agardar máis. Compre poñerse novamente en camiño. Compre que se sepa que e inútil e contraproducente canto se faga contra nós. As persecucións redoblan a nosa fé. As pousas que nos obliguen a facer no camiño servirán someten pra que nos poñamos a andal-o novamente con máis azos. Porque nos guía unha idea e camiñamos cara unha meta a que temos propósito decidido e firme de chegar.

E, posto en marcha, urxe reemprender a nosa tarefa a prol da Terra. Tense dito moitas vegadas que somos algo máis que un partido político ao uso. Pero ahí que repetilo, pra que endexamais se esquezan. Porque isa característica e a que determina toda a extensión da nosa tarefa.

Como tal partido, e preciso que nos aprestemos a loitar pra conqurir, en armonía cos nosos afáns, a confianza do pobo e a súa representación nos orgaismos públicos, que tanto están precisando de depuración e modos novos.

Pero a nosa tarefa e moitos máis amplia. Temos que traballar pol-a diñificación da nosa lingua, e dos nosos costumes. Temos que axudar a eisaltación do noso arte e da nosa cultura, protexendo as súas institucións, as editorías, a prensa auténticamente galega, etc. Temos que erguer no noso pobo o senso da propia estima. Temos que estimular a defensa da nosa economía... Toda unha laboura complexa que se sintetiza n-ista cousiña: traballar en todo lugar i'en todo intre por Galiza.

Nos nosos Centros, en cantas entidades e asociacións poidamos, na prensa, etc, hai unha laboura urxente a desenrolar. Cada un de nós, ten de ser un centro de enerxía e aitividade.

Adiante, pois, coa ledicia dos que teñen a seguranza de que, por enriba de todol-os obstáculos, serán os triunfadores de mañan.

Cádiz, 16-2-1935.

ALEXANDRO BÓVEDA.

COMENTARIO

Diante d-unhas eleccións municipais

En toda ista ista, comarca, supoñemos que coma en toda a Terra, fanse estes días, reunións de republicáns de todos os coores, co fin de arranxar alianzas con miras a unhas probables eleccións municipais, anunciadas pol-o Goberno para o mes de Abril.

Nada obxetamos os galeguistas a isto, que ben feito suporía unha aitividade cívica, que fixera esperar un rexurdimiento cívico nos costumes políticos galegos, tan necesitado da renovación, a tono cos tempos que corremos. Máis aínda que non co fin de dividir, senón de xuntar, diremos, con fonda peña, que ate o d-agora, n-istes pobos non se fan ben as cousas. Vexamos por que:

Todos os Concellos galegos, teñen, ádemais das inquietudes xeneraes do moimento, un índice de problemas lo caes que resolver pol-os seus ediles populares. Problemas que son a súa vida, e a dos seus fillos. ¿Recóllense istos nas reunións que comentamos, como programa d-aición e eleitoral? Non. E, eiquei está o que queremos señalar, nós os galeguistas, que esiximos, máis que nada, os que se alian con nós, ideas, programas e honradés nos que vayan a pedirle o corpo eleitoral a súa confianza n-unha loita política, máis ou menos próisima.

Nosoutros coidamos que este programa deberá abarcar, ádemais da republicanización de Galiza, e as súas costumes políticas dignificadas, como estableceu a Asamblea galeguista de Ourense, todos aqueles puntos de vital intrés pr-as comarcas donde se fan istas reunións, deixándose de politiquería cativa, pra facer unha laboura positiva, que lles resolva os nosos municipios, o prestixio que n-unha mala hora pra nós lles quitou o poder centralista e caciquil, ate convertilos de unha cousa viva e popular, n-ises noxentos focos de parasitismo que fan hoxe.

Atopámonos n-unha hora de gran responsabilidade. O pobo, vai, segu-

ramente, a darlle a súa confianza a os republicáns. Non o defraudemos. Aos dirixentes permíteselles, enganarse vez. Máis. Non, e se non sucede así, de feito quedan eliminados da vida pública. O 14 de abril, había que derribar un sistema de goberno, pra trocalo por outro novo, non pedíndolle as xentes que foran os concellos máis que un ideal. Hoxe fai falla un programa, que ademais de unir os homes na loita—o revés d-aquela, que carentes d-ise fin dedicáronse a falar uns cos outros—consolide a República e lle den prestixio pol-o progreso, as institucións e os homes que a porsonifican.

¡Mariñeiros e campeonos galegos!
¡Traballadores en xeral!

Esixide d-aqueles que vos van a pedir o voso voto, as garantías, que poidan dar un programa, que equivale n-iste caso a un compromiso da súa aición. As verbas lévanas os ventos. Esixide realidades. Con isto, facédeslle un bo servico a Galiza, a República, os vosos fillos e a vosoutros mis- mos.

JOHÁN A. SUÁREZ
Sada, Febreiro do 1935.

Gran Fábrica de Cervezas

A BARXA

TIPOS:

DOURADA

MUNICH (Negra)

E FABRICADA EN GALICIA

PREFERILA AS DEMAIS E LABOU-
RAR POL-O ENGRANDECIMENTO
D'A NOSA TERRA.

Compre que todol-os Grupos esteñan rexamente fortificados para que a II Asambreira da F. M. G. sexa un novo pulo nacionalista. Esforzádevos para elo na vosa preparación moral e material.

Xa comenzou a preparación da II Asambreira

Pra os desterrados

Lembranza do Mariscal

*Sí, pra vos desterrados.
Pra todol-os coitados que xemen na Patria e fora d-ela.
Pra todol-os infelices.
Pra os labregos que non teñen pan. Pra os mariñeiros vellos que xogan a o mar nas pías das fontes. Pra os mariñeiros mozos que afundiron as dornas no mar. Pra os que xemen na cadea.
Pra todol-os coitados i-en lembranza garimosa i-afervoadada de CASTELAO e BOVEDA, os irmáns que levaron pra o desterro sumíndonos na escuridade da desesperación.
Pensando en vos—a mocidade non sabe de esquer cervos—maxinei o simbolismo da miña lembranza.
Que vos sirva de ledicia.*

PRUDENCIO TABOADA

Xa pasou o aniversario de Pardo de Ceta. A súa lembranza percorreu as nosas i-almas ca maxestade subríme dos patriarcas: infinda e saudosa. Co recendor do sangue vertido no sagrefizo —único vestixio do seu éxodo—; docemente erguida no peisaxe do noso pensamento coma o dolmen granítico da nosa devoción; leda e cantareira como os sons dos velliños... tristeira e trunfal coma a cadea dos mártires. Lembranza ruña no peito da mocidade galega. alento do presente i-arela do porvir. Cántiga inmorrente das estrelas ategada de ensonos e dozuras, carraxes e xeneiras, todas insatisfeitas. Lembranza tenra e delicada coma un asobío de merlo segrel. Branca, pura, diviña coma os liños dos altares. Xesta feita, romance ao rumor do tempo. Vibrante e serea como o consello d-un pai, e consagrada no corazón a caron dos máis grandes agarimos xa non pode esquecerse endexamáis da nosa memoria. Maxinémos do seu brazo percorrendo vieiros de ingratidade. Ferindo as chagas aínda non pechadas, ca crueldad dos feridos e duros. Sabéndose xigante e vivindo mezquino. Tratado de traídor habendo sido mártir. Sendo pai, ollar morrel-o fillo coma a tiña de morrer. Sendo esposo deixal-a dona garrida e compañeira da vida. Sendo heroi, ollar morrel-o Patria cas máns encadeadas. Maxinemonos no seu espírito: ledos, bravos, alteirosos—endexamáis cativos—e satisfeitos do noso camiñar. Ollemos na paisaxe as cobas que frolecen en roseiras bermellas. E na lembranza xurdía lanzal e verdadeira, si sodes perseguidos; si a boaventuranza deixouvos sen xusticia: cantade alborozados, cantade con ledicia, cantade entuseasmados cantares das greas vendo as ansias logradas. ¡Te Deum Laudamus!!

FIESTRA

DE IZQUERDA A DEREITA

Atranca a porta Quereño
Cerra o camiño Toral.
¡Son os lobos!
¡Son os lobos ladroeiros!
¡Son os lobos da camada castelán!
CABANILLAS
(Romances da frebe).
Atranca a porta do teu espírito mozo galego! Pecha os camiños da Patria a os raposos da Castela! Son a morte de Galiza! Son a ruína dos teus país!
Agora veñen os políticos outra vez, coas mesmas prédicas de sempre. Traendo a ledicia do que xa considera trunfado denantes de ollar-as cartas, porque teñen a esperiencia de outro tempo.
Máis; que veñan! Que veñan! Ato-paranos co espírito ensinismado na creación d-unha Patria nova. Ollarán que o feudo da Castela pensa xa coma unha nación dona dos seus destinos e que a súa mocidade está disposta a que o feudo deise de selo.
Xa viñeron os primeiros. Falan de Xil Robles e de outros de por alá, sen esquecerse de mesturar a Dios nas súas falcatruadas.
Son a contrarrevolución e falan de Felipe II con moito chiste.
Dicenos que *nuestra Patria chica* merece unha autonomía administrativa.
E os aplauden moito algunhas mulleres.
Xa pasaron máis.
Son a reconquista da revolución, e tamén falan castelán.
Un, que xa foi ministro dixo que se *ultraja la bandera nacional*.
Logo rematou de amolar o pataco espallando os brazos coma se fose a voar, engadindo:
Tenemos que buscar las esencias de la Hispanidad en la República, porque la monarquía acabaría con

nuestra España la única e indivisible.
Iste como sabía moita historia non falou nin da *administrativa* nin da *Patria chica*.
Os outros tiñan máis chiste a falar *dulce tierra meiga*.
Qué; non hai quen traia máis?
¡Lástima de eles! Agora que xa tiñamol-as pedras no peto...
Agardaremos que xa voltarán.
Que será millor, o da revolución ou o da contrarrevolución?
¡Mozo galego!
Non penses n-iso. Tan ruíns son os piratas do Mediterráneo como os anfibios do Sur de Quereño.
Pecha as portas do teu espírito. Matina novamente nas arelas da túa nación.
Os que veñen de ambos bandos son os raposos de Castela.
¡Péchalle os camiños da Patria!
¡Son a morte de Galiza!
¡Son a ruína dos teus país!
XOSÉ FERREIRA BARRERAS
Bueu, Febreiro do 1935.

Vda. de Pío S. Carrasco
(CASA FUNDADA NO 1894)
Axente Comercial de Aduanas Colexiado
FLETAMENTOS,
CONSIGNACIONES,
TRÁNSITOS.
VILAGARCIA
TELEGRAMAS: CARRASCO
APARTAMENTO NÚM. 3

A Segredaría Executiva da Federación, acordou celebrar a II Asambreira no prazo máis breve.

En tal sentido enviou unha circular a todol-os grupos interesando que poñan o maior intrés na orgaización da mesma. Proximamente celebrarase unha reunión do Consello nacional. Os grupos xa comenzan a traballar intensamente na preparación da Asambreira, que será mui lucida.

Nota pra os grupos

Aproximase a data da Asambreira que a F. M. G. debe celebrar con moito entusiasmo. A súa brillantez depende en primeiro termo do intrés que os grupos poñan na orgaización e preparación dos aitos a celebrar. A continuación damos un índice da laboura que deben realizar cada ún con tal ouxeto.
1.º Ca maior urxencia reunirase en xunta xeral, pra escoital-a opinión dos afiliados e as súas iniciativas, cambiando impresiões sobor dos problemas que se planteen.
2.º Enviaren a S. de O. un informe redaitado pol-o Segretario Xeral dando conta do número de asistentes, e da marcha que levaron os debates.
3.º Ampriarase a xunta xeral os días que fose conveniente pra dar tempo a escoital-o parecer de todol-os irmáns.
4.º Se teñen que poñer de acordo os grupos proximios, pra orgaizar excursiões.
5.º Urxentemente enviarán cada un dos grupos a proposta do lugar en se pode celebral-a Asambreira i-a data máis oportuna pra facelo.
Enviarse con ista proposta un informe en col dos aloxamentos pra ser estudado pol-a comisión respetiva.
Toda a correspondencia enviarase á radaiación do GUIEIRO, Rua Alta, 12. Pontevedra.

Pontevedra

O Grupo local, celebrou xunta xeral acordando a constituición d-unha Segredaría que teña ao seu cargo a dirección da mocidade ate a celebración da Asambreira.
Vai comenzal-o seu traballo de preparación, redactando un informe que enviará á Segredaría executiva en col do programa a desenrolar na mesma.
Pol-as noites reúnen os afiliados pra cambiar impresiões cos membros da Segredaría en col dos traballos realizados.
Estudase a maneira de desprazar unha boa representación de irmáns á Asambreira.

Vigo

O anuncio da próxima Asambreira causou grande ledicia n-ista cidade. O segretario de orgaización irman Ila, colabora aivamente na laboura de preparación dando as normas e consellos máis oportunos a os membros da Segredaría executiva. Ista pol-a súa parte abriu unha oficina que funciona diariamente no local, García Barbón, 6-1.º, de 9 a 12 e de 4 a 9 e media, informándo ás células das xestiões que teñen de realizar n-istes días.

Nota política

CAMBÓ FALOU

Moitos e variados comentarios ergueu o discurso de Cambó en Tarrasa. Coas súas verbas nos fixo lembrar «Francisquet» que aclamado pol-o pobo percorría Catalunya, levando como bandeira o erguemento da personalidade morta momentaneamente da nación irnã, e nos beizos a doutrina sagra es-cuitilante de Prat de la Riva, catecismo político no que todol-os catalás beberen as augas venturosas do seu propio ser. Cambó falou. E chamou ao pobo. Ao pobo c'un día o aclamaba e vibraba conxuro da súa voz n-outrora forte e puxante, ao pobo que cando falaba de «Francisquet» caían dos seus ollos bágoas, porque creían ver n-el o que máis tarde foi o gran Maciá. Cambó falou e chamou ao pobo. Ironía dororosa encerran estas verbas. Ao glorioso pobo catalán, idealista e democrata, chamouno o político materialista, que fixo da política números, que poído ser todo e non e ren. O home que cando a monarquía, baixo o peso dos seus propios erros e calamidades, baixaba a súa testa abatida pra dar paso a outra forma de Goberno, na cal tiverana, cougo aqueles homes e aquelas ideas que son avanzada d'unha humanidade mellor; cando aquel rey felón, que non soupo ser un rey, nin caballeiro, nin home, via finalizar, o seu reinado que tanta sangue costou ao pobre e sufrido pobo da Iberia, el que berra agora coa súa gorxa totalmente doente chamando ao pobo que tantas vegadas engañou, iba a Madri, a orgaizar un partido centrista que sostivera aquela Hespaña da que renegaron os que n-outro tempo foran seus máis formes puntales («no máis servir a señor, que en gusano se convierte»). Frente a estas e outras actividades soupo o pobo catalán dar a súa contesta na magna xornada cídica precursora da imprantación de República. Cando o imeco vieiro que lle quedaba era o retiro, este político que agora ergue os seus brazos buscando o calor popular, proseguiu a súa política. E máis tarde aproveitándose d'unhas circunstancias por todos conceptos desafortunadas, i-escudándose n-unha forza parlamentaria, que como se demostrou máis tarde, non representaba a opinión catalana, saindose da máis mínima ética catalanista, exisíu do Goberno Samper a intervención na famosa Ley de Cultivos, basada nos máis elementales principios de cidadanía e sustiza sozal, deica chegar a que por dito goberno fora denunciada ao Tribunal de Garantías Constitucionás primer paso pra acabar coas liberdades da Patria irnã. E foi el o que no Parlamento hespañol, tivo a frases máis duras e fientes pra os homes que rexiron os destinos da Cataluña autónoma, os cales senón admiración deberon merecer xa caídos, o respecto que como catalán tiña a obriga de gardar aos que equivocados cecais, pero coa meirande boa fé puxeron canto son ao servicio da súa Patria, frente a él que non tuvo escrúpulos en aliarse aos tradicionás enemigos das liberdades da súa patria praos empuxar máis vertixosamente na súa caída. I-ese e o home, que cando sinte que as forzas plutócratas co seguián, se lle esvaen do seu control, pra pasar ao das dereitas hespañolizantes, ergue bandeira co lema de que en Cataluña somentes políticos catalás, el que non tuvo dúbidas en aliarse cos mesmos que hoxe censura, buscando un pedestal no que subir in da costa das liberdades do seu pobo, cuio sentimento a prol d-elas contribui a sementar na conciencia da m. sa catalana, cecais máis que ninguén. Cambó chamou ao pobo ¿E o pobo? Inda creemos ver diante nós aquelas fotografías que nos mostraban aquela moitedume que en manifestaciões xi gantescas, percorría as rúas da bela cidade mediterránea ao berro de «Morra Cambó» e «Viva Maciá». Cambó falou e chamou ao pobo. ¿Ironía? Cecaís.

GALAN CALVETE.

F. E. G.

A SUA CONSTITUCION EN PONTEVEDRA

Seguindo as normas trazadas pol-os reitores da F. M. G., constituíuse en Pontevedra a Asociación de Estudantes do Maxisterio, que pasa a formar parte da Federación de Estudantes Galegos. Días pasados reuníronse os escolares, nomeando a Xunta Direitiva, que se compón dos mesmos membros da comisión orgaizadora. Xa comenzou a traballar na custión teatral, celebrando unha función no salón da xuventude cultural de Campañó, pra acadar fondos co fin de adequeril-os libros da editorial «Nós», dos que carecen por enteiro. A función resultou moi entreteida sobresaíndo a gracia de Valenzuela no xoguete de Charlón e Hermida «O Menciñeiro». O club teatral de estudantes galegos está preparando outras obras como a Fiestra Valdeira, pra lle dar un pulo ao noso teatro. A Direitiva dos estudantes galegos do Maxisterio anunciou a celebración d-un acto en honor a Ponal, que reizarán a maior brevedad. No Instituto xa están moi adiantados os traballos, pra acometel-a constituición da mesma obra. Agardamos que iste exemplo animará a os escolares de Galiza, pra que a F. E. G. poda abranguer to-dal-as cruses profesionaes. Prelo de LA POPULAR.—Charino, 7 Pontevedra

Baión e Godos

Estivo en Pontevedra un comisionado de Baión pra cambiar impresiões en col da II Asambreira da F. M. G. cos reitores desta cidade. Prometen facer unha intensa campaña pol-a comarca pra orgaizar unha numerosa excursión. Voltará dentro de poucos días a traer novas das xestiões que fai a Segredaría executiva.

Figueirido

Ista delegación enviou unha carta ao Grupo de Pontevedra, manifestando o entusiasmo que lle produxo a nova da celebración da Asambreira. N-ela promete a súa asistencia, cos irmáns de Vilaboa e Redondela.

UNHA ENMENDA

No derradeiro número do «Guiero» publicamos un traballo firmado por Alvaro Cunqueiro sendo o seu autor Otero Pedrayo erro debido a un troque de orixinaes. Facemos a aclaración porser de xusticia e verdade.

SI QUEREDES
XANTAR BEN
IDE A
CASA PEPE
Dr. Cadaval, 13 VIGO

Sebastián González
Camión nuevo H3 2e

Redacción-Administración:
Rúa de Tetuán, 2-1.º - Pontevedra
SUSCRICIÓN: 3 pesetas semestres. Pago adelantado.
Número solto: 10 cts.

A nosa terra

semanario do partido galeguista

Año XIX Galiza, 23 de Febreiro do 1935 Núm. 336

Declaración de principios do P. G.

- I. Galicia, unidade cultural.
- II. Galicia, pobo autónomo.
- III. Galicia, comunidade cooperativa.
- IV. Galicia, célula de universalidade.

NAZONALISMO GALEGO

Por V. Risco

III

Coma lles presentaban a Castela coma modelo único digno d-imitanza, procuraron falar castelán, vestir a blusa castelán e a boina vasca; quixeron facer plazas de touros foron abandoando os seus costumes e deixando esquecer as súas tradicións, esborrallarse os seus moimentos, ignorar a súa cultura, perderse as súas pequenas industrias, decalvar os seus montes, escostrar sen aproveitamento a súas augas, etc., etc.

Galiza era un pobo de desleigados que rompía coa tradición propia e quería acoller unha tradición allea, enteiramente rifada co seu temperamento, coo súa maneira de ser, pol-o coal viñalle como unha carantofía de entroido, coa que faguía a máis tristeira e ridícula figura, ao mesmo tempo que se empobrecía, que se incapacitaba pra o exercicio das liberdades públicas propias dos pobos modernos, e tiña que precurar na emigración o pan e a vida civil que non podía gozar na súa patria.

Era o *desleigamento*, a perda da conciencia galega, a anulación do patriotismo.

Galiza daba sensación d-un pobo suicida, d-un pobo que se quería anular a sí mesmo, que quería afogar as súas características, borrar toda diferenza que o poidera distinguir, pra desaparecer coma tal pobo.

Era un verdadeiro suicidio colectivo. Era a morte sen remedeo pra a nosa amada Galiza.

Entón xurdiu o nazionalismo. Aquiles que no seu sangue sintían o cantar da terra, a voz da i-alma anerga de Galiza que non quería morrer, que non quería deixar de ser a Galiza enxebre, galega, difrente, inconfundible, empuxados por unha valente e santa cobiza criadora, surtiron das súas casas e déronse a traballar pol-a restitución da tradición galega. Era a reacción vital que producía.

A non curanza dos seus pais deixáralles unha Galiza desgaleguizada, chea de vergonza de si mesma, mimética, suicida, afundida por baixo d-unha ingente morea de perxucios e falsedades que unha educación viciosa, guiada por un Estado que era o primeiro en se sentir alleo a nós, emborcara por riba d-ela. Era caso de vida ou morte: presentábase diante a urxencia d-unha reacción salvadora, d-unha campaña, d-un movemento que recollera total-as forzas nacionais pra resgatal-a personalidade de Galiza.

En primeiro lugar, era un problema de dinidade colectiva, e ata un problema de dinidade individual pra cada galego; máis tamén era un problema de utilidade, millor, de necesidade, tanto na orde espiritual da liberdade, coma na orde material dos intrses económicos.

Ora: istes movementos son sempre primeiramente d-unha élite. Son os máis intelixentes, os máis cultos, os de máis delicada sensibilidade artística e moral os que perciben istes chamamentos da i-alma do pobo, esta voz do sangue, e é a base das élites que ha de ser espertada a conciencia nacional que dorme, reconstituída a tradición nacional, primeiro d-un geito teórico. Por iso, perante máis d-un século, o nazionalismo galego, o galeguismo— mesmo se chamara entón regionalismo—foi asunto escrusivo de intelectuá, de poetas, de historiadores, de axitadores políticos teorizantes e isolados. Era unha élite, unha pequena minoría, a que pra revivescer a conciencia galega e refacel-a nosa cultura, contaba somentes con recursos espirituá, e tiñase que expor á persecución, ao dispregio, ao ridículo, ou á máis tristeira sorte de pradicar en deserto. Foi preciso o sacrificio dos mellores galegos de dúas ou tres xeneracións, que se resñaron a loitar na pobreza e na escuridade, sen aitudes heróicas nen chamativas, olladas moitas veces c-un sorriso de lástima, e que deitaron a semente que nós andamos a acalentar.

Foron os primeiros espertigos da conciencia nazional galega que encomenzaba a erguerse contra a morte que a ameazaba.

Eiroa

Cando xa este número está a saír chéganos a triste noticia da morte en Santiago do gran escultor galego e entrañable amigo Xosé Eiroa Barral.

A dorosa nova, anque agardada pois sabíamos, da súa doenza que non tiña remedio, ven a encher o noso espírito de tristeza fonda e as bógoas venen a os ollós.

Morre o gran escultor e bon patriota cando Galicia andaba a ollar con ledicia fonda a obra xá consagrada do chorado amigo, gloria da nosa escultura e anuncio seguro de unha obra intensa plena de galegitude e beleza artística.

Eiroa formaba, con Asorey, a nosa parella verdadeira que deu sona á Arte escultórica galega. As súas derradeiras obras, rematadas no comenzo da doenza do autor, consagraron para sempre.

Morreu Eiroa, e con él váisenos unha gloria e unha esperanza. Cheos de emoción despedimos o seu corpo e rendímonos diante da súa obra que cada día agrandarás máis a lembranza inmorrante do gran amigo e artista que a morte acaba de levarnos.

SUMA E SIGUE...

Reanudamos hoxe esta sección, na que adoitamos recoller cantos «obsequios» lle fai o centralismo a Galiza, que son moitos.

Como que—xa o dixo «El Ideal Gallego»— constituyen o argumento máis convincente do Galeguismo.

Vexamos.

Proiétase gastar 1 000 MILLÓNS (¡casi nada!) en comunicacións marítimas.

¿Qué parte lle tocará a Galiza? Non o sabemos. Pero a preterición do porto de A Cruña e Vigo, nas escalas da Trasatlántica... ¡je un anuncio tranquilizador!

Na páxina financiera de «El Sol», n-un rincón esquencido, topamos esta notiza:

«Por canxe de notas verificado en Bruselas o día 8 dos correntes, chegou-se a un acordo pol-o que—a troque d-un aumento no cupo de importación de ovos belgas na Hespaña—Bélxica deroga a continxente para a importación de tomates dende o 1.º de Nadal a 1.º de abril inclusive».

Como sempre. ¿Pra qué preocuparse de Galiza?

E vello que Galiza precisa a importación de millo sin dereitos. As protestas que e preciso facer todol-os anos chegan a Madrid. Pero imos ver como as atenden.

«En 1933, a produción siderurxica resultou beneficiada co envío d-un cargamento importante de carris a Arxentina a troque de importar millo»...

«En 1934, os arroceros leváronse casi cinco millóns en primas cobradas sobor da importación do millo»...

Son párrafos d-unha Revista financiera.

Ou sexa: que o beneficio que debían exprimentar os labradores galegos foi a parar... ¡as empresas do ferro e aos arroceros!

Pois ben; a mesma revista di, «que os exportadores solicitan do Goberno unha participación de millo do Río da Plata».

¡Estupendo!

E a todo isto unha terneira de 200 kilogramos págase hoxe 26 pesetas menos que fai 15 días e 100 menos que fai dous anos. B Galiza, conseguintemente, está ao borde da ruina económica, como di moi ben un corresponsal de Lugo.

Pero todo isto non val nada.

¡Seguiremos sumando!

CAFÉ GALICIA

Cantón Grande

A Cruña

Cincoenta deputados galegos, en catorce meses, a 1.000 pesetiñas por barba, son ¡¡700.000! pesetas.

¡Ben merecidas as teñen!

Galiza, ademáis, inda lles ten de estar agradecida. ¡Rehabilitar a Emiliano vale moito máis!

Os «xestores gubernativos» da Cruña nomearon a Lertoux «fillo adoptivo». E fóronse a Madrid a xantar co il... ¡naturalmente que a conta dos presupostos locais!

Agora resulta que os representantes de A Cruña teñen que volver cabo de Lerroux... pra protestaren de que o noso gran porto sexa excluído das escalas da Compañía Trasatlántica.

¡«Cousas da vida!» Que diría Castela.

MANOEL GÓMEZ ROMÁN Arquiteito Vigo	MANOEL PEÑA REY Médico.-Sanatorio Ourense
MANOEL BANET FONTENLA Notario Santiago	VALENTIN PAZ-ANDRADE Abogado Vigo
XERMÁN QUINTELA Médico Vilagarcía	ARTURO LOPEZ TRASANCOS Médico Ourense
XERARDO ALVAREZ GALLEGO Abogado e Procurador Vigo	XOSÉ LINO SÁNCHEZ Abogado Pontevedra
Dispoñible	ANTONIO ALONSO REY Notario A Estrada
FRANCISCO Barreiro Salaño Perito Agrícola Santiago	XOSÉ F. BORRAJO DACAL Abogado Ourense

BANCO PASTOR

CASA FUNDADA NO 1776

Capital suscrito PESETAS 17.000.000,00
Capital desembolsado. » 11.000.000,00
Fondo de reserva e fluctuación de valores. » 15.406.658,47

CASA CENTRAL: A CRUÑA

SUCURSALES

Barco de Valdeorras, Caldas de Reyes, Cangas (Pontevedra), Carballiño, Carballo, Cedeira, Chantada, Ferrol, Fonsagrada, A Estrada, A Guardia, Lugo, Marín, Mellid, Mondoñedo, Monforte, Mugla, Noya, Ordenes, Orense, Padrón, Pontevedra, Puebla do Caramiñal, Pontearreas, Pontedeume, Ribadavia, Ribadeo, Rúa-Petín, Santa Marta de Ortigueira, Sarria, Tuy, Verín, Vigo, Villalba, Vimianzó, Vivero.


CONTAS CORRENTES CON OU SIN LIBRETA

INTRESSES DENDE 1.º DE XANEIRO DE 1935:

A VISTA 1,50 % ANUAL	A SEIS MESES 3,60 % ANUAL
A TRES MESES 3 % »	A DOCE MESES OUI MÁIS. 4 % ANUAL
CAIXA DE AFORROS 3,00 % ANUAL	

CAIXAS FORTES DE ALQUILER: DENDE 20 PESETAS AO ANO

Compra-venta de moeda extranxeira :-: Depósito de valores, cobro de cupóns e demais operacións de Banca e Bolsa en España e no Extranxeiro.



Ao Parlamento acuden apenas trinta deputados.

B o Sr. Xil Robles estránase. Nós nón.

¡A que non hai ningún que deixe de cobrar!

Por algo os galeguistas pedimos pra a Asambrea galega réxime de «dietas».

Pero iso non lle convén aos Sierra e compañía. ¡Claro!

a Esquerra e a Lliga outerfan o triunfo.

Royo Vilanova goza de ser home franco entre os seus admiradores. Por consecuencia non se pode dubidar da realidade de canto dixo o consecuente anticatalanista.

A Cruña e Vigo, as forzas chamadas vivas, andan armando uns lios terribles por si a Trasatlántica modifica ou non as súas escalas. Tócanse as campás a rebato; a xente non durme e aínda encima van de parranda a Madrid unha chea de señores a gastar milleiros de pesetas.

En troques cando como sucede a cotío ven unha lei ou disposición que amola aos paisáns, os señoritos vilagos nin se enteran.

Eso chámase vivir en Galiza sin enterarse ou vivir de costas a ela.

GALEGUISTA:

Podes contribuir extraordinariamente á difusión do noso Semanario e da súa laboura patriótica se despóis de o ler o deixas na barbeiría, no café ou na sociedade a que adoites ir ou reexpides a algún amigo.

Os Galeguistas pararan en Sant-lago no

“Hotel Europa”

DE RAMON MORANDEIRA